

**CIRCULAR INFORMATIVA DA XORNADA ÚNICA EN EDUCACIÓN INFANTIL
E PRIMARIA E DO PROCESO DE VOTACIÓN**

Con data do 16 de febreiro o Servizo de Apoio aos Servizos Educativos enviou o informe favorable e preceptivo para a xornada única en Educación Infantil e Primaria.

Tal e como informamos nunha circular anterior o horario da xornada única sería o seguinte:

9:30 -14:30 horas: Horario lectivo.

14:30 -15:10 horas: Servizo de Comedor.

15:10 -16:00 horas: Actividades extraescolares / Biblioteca.

16:00 horas: Saída do transporte

Dito horario non supón modificación algunha nas rutas, no horario do servizo de transporte e na cantidade de horas lectivas xa que a hora lectiva impartida de 15:00 a 16:00 horas pasaría a ser impartida de 13:30 a 14:30 horas, e o servizo de comedor funcionaría igual que nos meses de xuño e setembro.

De 15:10 a 16:00 horas o alumnado podería utilizar a Biblioteca do centro, que estaría atendida polo profesorado ou ben realizar as actividades extraescolares propostas polo Concello de Mesía e que a continuación se relacionan:

Educación Infantil	Educación Primaria
Pequebaile Ximnasia Rítmica Xogos Psicomotores Pintura Inglés Baile e Música Tradicional	Badminton Patinaxe Ximnasia Rítmica Multideporte Baile Inglés Pintura Baile e Música Tradicional

Constitución da mesa electoral e proceso de votación:

A mesa estará constituída pola dirección do centro, que a presidirá, e dúas nais, pais ou titores legais, designados por sorteo público, actuando como secretaria ou secretario a persoa de menor idade.

**CIRCULAR INFORMATIVA DA XORNADA ÚNICA EN EDUCACIÓN INFANTIL
E PRIMARIA E DO PROCESO DE VOTACIÓN**

O sorteo dos membros da mesa terá lugar o xoves día 17 de febreiro e comunicarse aos interesados.

A votación do sector de pais, nais ou títorees legais realizarase no centro o Xoves 24 de febreiro en horario de 9:00 a 17:00 horas.

O voto será, en todo caso, directo, secreto e non delegable. No sector das nais e pais poderá votar **a nai ou o pai ou un dos títorees legais.**

A Dirección

